

EROSKI DOOU MÁIS DE 1.240 TONELADAS DE ALIMENTOS NO QUE VAI DE ANO GRAZAS AO SEU PROGRAMA "DESPERDICIO CERO"

- **EROSKI presentou o seu programa de doazón de alimentos ante máis de 300 profesionais europeos da cadea agroalimentaria no IV Punto de Encontro AECOC Contra o Desperdicio Alimentario.**
- **Os alimentos doados son produtos frescos e de alimentación retirados dos estantes para cumprir co compromiso de frescura cos clientes, ou cunha pequena deficiencia no envase**
- **A cooperativa colabora con preto de medio cento de organizacións socialmente responsables de toda España receptoras dos alimentos**

Elorrio, 26 de setembro do 2016.- [EROSKI](#) entregou máis de 1.240 toneladas de alimentos a entidades socialmente responsables no que vai de ano grazas ao programa "Desperdicio Cero" de doazóns solidarias. O dato deuno a coñecer hoxe o director de Responsabilidade Social de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa, durante a súa intervención en '[Save Food Meeting](#)', o IV Punto de Encontro AECOC Contra o Desperdicio Alimentario, que reuniu a máis de 300 profesionais europeos da cadea agroalimentaria.

"Producción, almacenamento, transformación, distribución... Os alimentos desperdicianse en toda a cadea. Como parte integrante dela, en EROSKI propuxémonos non desperdiciar ningún produto alimenticio apto para o consumo", sinalou o máximo responsable de Responsabilidade Social de EROSKI. "Trátase dun propósito intimamente ligado á nosa vocación a prol dunha relación responsable co contorno que forma parte do noso modelo de xestión empresarial".

Protocolo para velar pola seguridade alimentaria

Os alimentos doados son produtos frescos e de alimentación que EROSKI retira dos seus estantes para cumprir co seu compromiso de frescura máxima cos seus clientes, ou ben cun envase cunha pequena deficiencia, como pode ser un simple golpe ou rotura de embalaxe que impide a súa venda. *"Todos os alimentos doados están sempre dentro da data de caducidade ou de consumo preferente e en perfecto estado para o seu consumo"*, detallou Martínez Berriochoa.

EROSKI desenvolveu un protocolo de actuación que vela escrupulosamente pola seguridade alimentaria dos produtos doados. *"No caso dos alimentos frescos,*

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

garántese o mantemento adecuado da cadea de frío tamén na entidade receptora, que debe asegurar que cumpre coas mesmas garantías no transporte e instalacións,", indicou o director de Responsabilidade Social da cooperativa.

Primeira cadea de distribución que alcanza o "Desperdicio Cero"

"En 1996 iniciamos a nosa colaboración cos Bancos de Alimentos por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que demandaban iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Así, naceron ese mesmo ano as campañas Operación Quilo de recollida de alimentos nas tendas EROSKI", rememorou Martínez Berriochoa.

Posteriormente, EROSKI iniciou o seu programa de doazón de alimentos envasados próximos á súa data de consumo preferente pero aínda aptos para o seu consumo con total seguridade alimentaria. Hoxe este programa continúa vixente co compromiso 'Desperdicio Cero' de non guindar ningún alimento que sexa apto para o consumo en toda a súa rede de hipermercados e supermercados. Máis recentemente, co inicio das primeiras consecuencias da crise económica, o programa esténdese tamén aos alimentos frescos.

"O noso firme compromiso contra a dilapidación de alimentos convértenos no 2013 na primeira cadea de distribución en España que alcanza o Desperdicio Cero en toda a súa rede de hipermercados e supermercados", en palabras do director de Responsabilidade Social de EROSKI. A cooperativa colabora actualmente con este fin con preto de medio cento de organizacións socialmente responsables de toda España.

Importancia da concienciación dos consumidores

O alcance do programa, amais da redución do desperdicio alimentario vinculada a un fin solidario de doazón, persegue tamén promover o consumo responsable. *"Desenvolvemos en paralelo diversas campañas de concienciación ao consumidor para impulsar a reflexión sobre o desperdicio de alimentos no fogar e para que coñeza o xeito de evitar a dilapidación, de xeito que se sume ao compromiso EROSKI de desperdicio cero"*, detallou Martínez Berriochoa. *"Poñemos á súa disposición coñecementos, recursos e ferramentas prácticas para racionalizar a súa compra, aproveitala ao máximo e minimizar a dilapidación alimentaria, co conseguinte aforro que iso lle comporta á sociedade e á economía das familias"*.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Martínez Berriochoa puxo como exemplo deste labor de concienciación a campaña levada a cabo a pasada primavera en Navarra de promoción das chamadas "froitas e verduras feas". *"Os clientes puideron adquirir nos nosos establecementos froitas e verduras de estación que non corresponden aos estándares establecidos de calidade pero perfectamente aptas para o consumo"*, explicou. *"Entre o 20% e o 40% das froitas e verduras producidas en Europa guíndanse antes de chegaren ás tendas. Clientes e cadeas de distribución esiximos niveis de estandarización máximos no tocante a sabor, aspecto ou aparencia externa, deixando fóra da comercialización alimentos que non cumpren estes requisitos, aínda estando en perfectas condicións para seren consumidos"*, engadiu.

O programa 'Desperdicio Cero' de EROSKI converteuse en referente no eido de prácticas responsables para combater a dilapidación alimentaria e recibiu diversos recoñecementos. Entre eles, a distinción "Desafíos sobre boas prácticas innovadoras" en alimentación e sostibilidade en España outorgado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (2014) e a Espiga de Ouro da Federación Española de Bancos de Alimentos FESBAL.

Ademais, o pasado ano o programa foi presentado tamén na Expo de Milán como unha iniciativa destacada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)